

**URBANISMO – LICENZAS, INSPECCIÓN E DISCIPLINA****Solicitud: licenza de obra**

| | | | | | | | | | | | | |
|--|-----------|------------------------------|------------------------------|-----------|--------------------------------|--|---------------------------------|-----------|---------------------|---------------------------------------|--|--|
| Interesado/a | | | | | | | | | | | | |
| DNI-NIF/CIF/NIE | | | Nome e apelidos/Razón social | | | | | | | | | |
| Rúa | | | | | | | Núm. | Escaleira | Andar | Porta | | |
| CP | Municipio | | | Provincia | | | | Teléfono | | | | |
| Correo electrónico | | | | | | | Fax | | | | | |
| Representante | | | | | | | | | | | | |
| DNI-NIF/NIE | | | Nome e apelidos | | | | | | | | | |
| Rúa | | | | | | | Núm. | Escaleira | Andar | Porta | | |
| CP | Municipio | | | Provincia | | | | Teléfono | | | | |
| Correo electrónico | | | | | | | Fax | | | | | |
| Datos da parcela ou edificación | | | | | | | | | | | | |
| Referencia catastral (RC) | | | | | | | | | | | | |
| Rúa | | | | | | | Núm./ Km. | Escaleira | Andar | Porta | | |
| Polígono | Parcela | | Localización | | | | | | | | | |
| Propietario/a | | | | | | | DNI-NIF/CIF/NIE | | | | | |
| Descrición da actividade (por epígrafe do IAE) | | | | | | | | | | | | |
| Se non se indica, entenderase que a obra é para unha vivenda | | | | | | | | | | | | |
| Técnico/a autor do proxecto de obra maior/actividade | | | | | | | | | | | | |
| DOI/CIF | | Nome e apelidos | | | Titulación/Colexio Profesional | | | | Número de Colexiado | | | |
| Contratista | | | | | | | | | | | | |
| DOI/CIF | | Nome e apelidos/Razón social | | | Enderezo | | | | Teléfono | | | |
| Descrición das obras | | | | | | | | | | | | |
| Orzamento | | | | | | | | | | | | |
| Orzamento total | | | | | | | Orzamento de execución material | | | Número do documento de ingreso | | |

Para os efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, AUTORIZO ao Concello a comprobar telematicamente con outras administracións públicas os datos comunicados e demais circunstancias relativas ás obras que se van executar.

Santiago de Compostela, ____ de _____ de 20__

Asinado: _____

| | |
|---------------------|--------------------|
| Resto do formulario | Registro número: |
| | Expediente número: |

EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Consente o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros dos departamentos municipais de Urbanismo e Servizos Económicos e aos outros do Concello de Santiago relacionados con este trámite. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Registro Xeral do Concello.

DESCRIPCIÓN

Para levar a cabo obras pode ser suficiente presentar unha **comunicación de obra menor**. Porén, será preciso solicitar e obter unha **licenza de obra** para comezar:

1. Todas as obras que se leven a cabo en solo rústico especialmente protexido, no solo non urbanizado (obras e usos provisionais dos arts. 8.3.d TRLS e 102 LOUGA), na Cidade Histórica, en edificios catalogados ou no patrimonio arqueolóxico.
2. Obras exteriores ou con vista desde o exterior no perímetro azul, nos camiños de Santiago ou nas súas zonas de protección.
3. Peches e movementos de terras nas zonas de protección das vías de titularidade municipal nos tramos que pasan por solo rústico e polas ordenanzas 5, 6, 11, 13 e 14.
4. Obras maiores (edificación segundo a LOE, galpóns, muros de contención, grandes movementos de terras e derrubas), acometidas e canalizacións en todo o termo municipal.

O uso pode comezar en canto rematen as obras autorizadas. Porén, será necesario presentar unha **comunicación de apertura** e/ou mesmo obter a **licenza de primeira ocupación** antes de utilizar: edificacións de nova planta ou obxecto de reestruturación xeral, vivendas nas que se alteraran as condicións de habitabilidade, ou locais destinados a novas actividades ou nos que as obras modificaran as condicións de actividades previamente autorizadas/declaradas/comunicadas.

INSTRUCCIÓNS E DOCUMENTACIÓN

Para que a parcela quede identificada con precisión, debe indicar a referencia catastral. Se isto non fose suficiente, debe achegar a documentación gráfica precisa. A actividade do establecemento identificarase polo epígrafe do IAE e, se é o caso, segundo os anexos do Decreto de avaliación da incidencia ambiental e o Catálogo de espectáculos e actividades recreativas.

Antes de presentar esta solicitude, deberá aboar os tributos municipais (TICO). No impreso debe figurar o núm. de recibo do pagamento presencial (NR/referencia) ou o núm. de expediente do pagamento vía web.

ACOMETIDAS E CANALIZACIÓNS: memoria e orzamento detallado por partidas (todo por duplicado).

OBRAS PARA VIVENDA: memoria descritiva e orzamento detallado por partidas das obras e instalacións menores. Proxecto técnico para as obras maiores.

OBRAS PARA ACTIVIDADES:

A) obras menores que **non** alteran as condicións (urbanísticas, de tranquilidade, seguridade, salubridade ou accesibilidade) dunha licenza/declaración/comunicación de actividade anterior: memoria descritiva e orzamento detallado por partidas das obras e instalacións.

B) obras maiores ou para poñer en marcha unha nova actividade ou que alteren as devanditas condicións: proxecto técnico (de obra e/ou actividade). Na Cidade Histórica e nos edificios catalogados, os planos serán de estado actual e reformado. Para as actividades sometidas a avaliación de incidencia ambiental, recreativas e espectáculos públicos, deberá solicitar tamén **licenza de actividade**.

Para as obras exteriores nos edificios catalogados, na Cidade Histórica, perímetro azul e nos camiños de Santiago (e zonas de protección) xuntarase **reportaxe fotográfica** en cor que permita observar a adecuación ao contorno.

A documentación presentarase **por duplicado** cando a intervención teña que ser previamente autorizada pola CMATI (algunhas obras en solo rústico) ou pola DXPC (determinadas obras en bens do patrimonio cultural ou arqueolóxico, nos camiños de Santiago e nas súas zonas de protección).

Cando a obra se vaia levar a cabo nas vías non municipais, liñas ferroviarias, dominio hidráulico ou aeroportuario, ou nas súas zonas de protección, non se outorgará a licenza ata que se achegue copia da autorización/concesión demanial que corresponda.

Se os servizos técnicos municipais o consideran necesario, non se outorgará a licenza ata que se constituán as garantías da reparación de posibles danos en bens ou servizos públicos e/ou da execución das obras de urbanización complementarias para que os terreos acaden a condición de soar.

Para máis información pode vostede contactar co Negociado de Obras do Servizo de Licenzas e Disciplina Urbanística:

Praza do Obradoiro, 1. Pazo de Raxoi, 2º andar.

Teléfono: 981 542 420

Correo: informacionurbanismo@santiagodecompostela.org